

Julio Prada Rodríguez:
Ourense, 1936-1939.
Alzamento, guerra e represión,
Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 2004,
672 pp.

Laura Novelle López
Universidade de Vigo

K. Marx deixou escrito que a Historia repítese, primeiro como traxedia e despois como farsa. E precisamente a historiar unha traxedia é ao que está dedicado este libro, que recolle parte da brillante tese de doutoramento de Julio Prada, e que fai o número 191 da serie «Documentos» a través da que Edicións do Castro leva anos achegándonos ó noso pasado recente.

Moita tinta levan verquido os historiadores sobre a Guerra Civil española e a represión que a seguiu, sobre todo desde que nos últimos anos a historiografía contemporánea semella ter convertido este vergoñento capítulo da nosa Historia nun dos seus temas estrela. Pero, malia o seu título, este non é un libro máis sobre a represión. A súa concepción e plantexamentos, así como un case inabarcable aparato documental (tanto de fontes arquivísticas e bibliográficas como orais) analizado con paciente exhaustividade e rigor, alónxano bastante de certa clase de literatura sobre o tema que ten pouco de científica e moito de tendenciosa. O volume aparécesenos estruturado en dous bloques. No primeiro, titulado «A conspiración contra a República», introdúcense os precedentes da sublevación en Ourense, facendo especial fincapé nos acontecementos da denominada *primavera trágica*, o fallido golpe de abril e os preparativos da sublevación de 1936 en Ourense. O segundo, verdadeiro cerne da obra, recolle o desenvolvemento da contenda e a posterior represión en toda a provincia, debuxando un minucioso mapa da mesma por concellos, comarcas e partidos xudiciais que permite segui-lo fío narrativo dos acontecementos con precisión. A excepción a este criterio constitúea o apartado dedicado ó estudio da represión ó longo da liña de ferrocarril (que se estende por toda a zona centro-oriental da provincia, incluíndo os concellos de San Cibrao das Viñas, Taboadela, Paderne de Allariz, Baños de Molgas, Laza ou Castrelo do Val, entre outros) activa área de mobilización obreira no Ourense de anteguerra e revestida, xa que logo, dunha especial unidade e significación sociopolítica que habería ter consecuencias para o tema que nos ocupa tralo triunfo da sublevación.

Resulta sorprendente atopar centos de nomes e apelidos —de vítimas, pero tamén de verdugos— que a máis dun ourensán lle han resultar familiares, cando falamos dunha provincia aparentemente tan tranquila como esta, na que non existiron fronte e tan identificada, alomenos en teoría, cos valores nos que logo se vertebraría o Novo Estado franquista; tanto máis se has comparamos coas cifras que aportan M^a. Xesús Souto e X. M. Suárez nas súas investigacións centradas na provincia de Lugo e na comarca de Ferrol, respectivamente.

¿Cómo explicar esta aparente contradicción?. Por riba da existencia de diferentes modalidades de represión física, o autor conclúe a existencia dun único proceso represivo que ten como principal obxectivo non tanto castigar comportamentos anteriores ó golpe militar como buscar a eliminación de cantos supuxesen un perigo para a consolidación da «nova» orde política e social imposta polos sublevados. Proceso único aínda que poliédrico, pois Julio Prada distingue dúas acepcións no concepto de represión física con resultado de morte: a *institucionalizada* (analizada grazas ó manexo da totalidade dos procesos xudiciais incoados polos tribunais de guerra na provincia, unha fonte escasamente empregada ata o de agora con semellante exhaustividade) e a que el denomina *paralegal*, bastante infravalorada na práctica e que tantos cadáveres sementou nas nosas gabias e estradas.

Trátase, entón, dun proceso complexo e multicausal, como polo demais acontece coas diferentes facianas da represión. A incidencia dos acontecementos revolucionarios de outubro de 1934, a conflictividade política e social anterior ó golpe, os resultados electorais das eleccións de febreiro de 1936, o anticlericalismo dos meses previos á sublevación e, naturalmente, a resistencia a esta, son algúns dos factores introducidos polo autor para explicar a diferente intensidade acada pola represión nas diferentes comarcas. Pero tamén, o diferente talante dos diferentes axentes implicados dun ou doutro xeito no proceso represivo (executores materiais, denunciantes...), que, polo xeral, tomaron unha ou outra actitude en función do comportamento adoptado con anterioridade polas vítimas contra os seus intereses ou as súas persoas. Estar afiliado a un partido ou sindicato ou ter certa significación política, pero tamén algo tan corrente como ter andado metido en leas polos lindes dunha leira, por exemplo, resultaba suficiente converterse en candidato ó tristemente famoso *paseo* por parte de aqueles que vestían a camisa azul a partires do verán de 1936. E non faltan as referencias ós sacerdotes, nuns casos eficaces protectores dos seus fregueses contra os desmandos das milicias, e noutros como colaboradores e mesmo inspiradores deste labor depurativo aplicado moitas veces cunha cruel *eficacia*.

Paradoxalmente, non todos os executores e denunciantes estaban intimamente convencidos das bondades do novo réxime —antes ben, protexían a súa integridade exercendo de tales— pero non dubidaban en poñerse do lado dos vencedores chegada a hora de axustar contas cos seus antagonistas sen reparar moito no motivo. Individuos que, ó cabo, facían boa a máxima de Tocqueville segundo a que calquera aldraxe aturada en silencio durante anos vólvese insoportable en canto se albisca a máis mínima posibilidade de vingala.

Todos estes actores achan o seu sitio neste libro, tecido cunha enorme cantidade de datos e referencias documentais. Deixando de lado a complexa cuestión das cifras de vítimas (aspecto que resulta imprescindible avaliar en calquera estudio sobre a represión, e que o autor aborda con cientificidade e honradez) a obra que nos ocupa cumpre sobradamente o obxectivo de rescatar do esquecemento o que foi e que xa non é, para evitar que pareza que nunca foi. Unha obra, en fin, que permite comprobar de primeira man a inmensa verdade que se agocha nas palabras que escribe o autor na introducción cando afirma que «a Historia e o presente están feitos daquilo que uns *quererían* esquecer e daquilo que outros non *poden* deixar de recordar». Por esa mesma razón, semella particularmente atinada a concepción de *libro aberto* coa que o historiador pon as súas páxinas a disposición de todos cantos queiran deixar testemuño daqueles que non aparecen reflectidos nelas (ou poidan estalo de xeito incorrecto) debido ó silencio ou ó incompleto das fontes.

Seguramente, a meirande parte dos ourensáns que se fagan con este libro lerán (ou redescubrirán, se xa peitean canas) con inmensa curiosidade o acontecido na súa comarca de orixe durante a Guerra Civil. Ou buscarán no apéndice documental o nome dun pai, dun avó, dun tío, daquel familiar lonxano do que ás veces escoitaron falar nas sobremesas familiares. Fronte a este tan recente como frenético interese por desenterrar certa (des)memoria histórica, convén que non deixemos pasar a oportunidade de facer ese san exercicio porque, como lembra Jesús de Juana, director desta investigación e prologuista do volume, só os que son quen de acepta-lo seu propio fracaso poden

inmunizarse e contruír un camiño de futuro. A todos eles —víctimas, verdugos, testemuñas, lectores novos e vellos— lles adxudica Julio Prada un lugar neste libro, elaborado coa minuciosidade do profesional rigoroso no manexo das fontes, e coa paciencia do alquimista en permanente busca das proporcións xustas.